

# MUSEO ABERTO

# 10

«Os sons da liberdade»

• O MUSEO NO CÁRCERE



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO  
Dirección xeral de Patrimonio cultural



Museo  
Etnolóxico  
Ribadavia

## PRESENTACIÓN

Coa presente edición de *Museo no Cárcere* preténdese unha aproximación á realidade sonora como fenómeno cultural no Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar. Pártese da convicción da importancia da música como expresión necesaria no contexto carcerario, onde os sons que se escoltan a cotío acompañan o día a día da reclusión axudando a súa escoita a saír dos límites da prisión.

A exposición artículase en cinco bloques temáticos que nos permiten percorrer distintas realidades sonoras.

## PAISAXES SONORAS

A diferenza entre son e ruído é máis ben cultural e incluso individual; de feito o volume sonoro que aceptamos non é igual para todos/as. O cárcere ten son propio. Hai sons que tan só se escoitan aquí identificando simbolicamente o espazo pechado da prisión. É por isto que o grupo de traballo conformado para os obradoiros desta edición levou a cabo unha recollida de sons que identifican os distintos espazos do Centro Penitenciario ofrecéndonos deste xeito un "patrimonio indesexado", xa que eses sons forman parte da identidade do recluso, polo que aos máis deles non lles agrada escoitalos.

« Hai sons que te fan sentir que estás preso. Hai momentos en que o levas mellor que outros, o enreixado, o vámonos dos funcionarios»

« Hai sons agradables e desagradables, hai sons que che fan estar máis melancólico, máis pensativo, romántico... que che traen recordos»



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO  
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural



Museo  
Etnolóxico  
Ribadavia



DIRECCIÓN GENERAL  
DE INSTITUCIONES  
PENITENCIARIAS



Asociación de Amigos  
do Museo Etnolóxico e do  
Conxunto Histórico de Ribadavia

Entidades colaboradoras

Este programa do Museo Etnolóxico Ribadavia-Ourense non sería viable sen a colaboración activa do Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar (Ourense)

Agradecementos:  
Antón Castro, Cuarteto Quiroga, Tom Risco e Francisco Risco e a colaboración de Vitorino Novoa Sotelo e Sira Feijóo Casas

### Ficha técnica:

Obradoiro: Fátima Braña, Pilar Iglesias, Rosa Lamas (Museo Etnolóxico. Ribadavia-Ourense e Universidade de Vigo)

Coordinación: Fátima Braña, Pilar Iglesias (Museo Etnolóxico. Ribadavia-Ourense e Universidade de Vigo)

Documentación, deseño e montaxe: Silvio Águila, Jose Luís Antoniacomi, Rafael Arribas, Joaquín Badillo, Juan José Bertolo, Paula Cardona, Rainiero Campos, Julio Cid, Gonzalo González, Julio Losada, Marcos Rei, ARR, O. Rubén Sierra, Nerea Torres. (Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar)

Fotografía e vídeo: VisualQ.

Serigrafía: Moncho Miguélez



## INSTRUMENTOS MUSICAIS

Dentro do cárcere hai instrumentos que son máis doados e outros menos. Nos talleres procurouse afondar en distintos instrumentos musicais, partindo das inquiredanzas do grupo. Uns escolléronse tendo en conta a facilidade para tocalos dentro do cárcere, os outros por inquiredanzas ou emocións persoais.




"Para min o órgano é fundamental porque é o único instrumento co que podes facer polifonía" (Silvio Águila)

"Elexín o txistu por poñer algo da miña terra" (Rubén)

"Para min a voz é fundamental, é o instrumento natural do home" (ARR)

"A zampoña (intrumento andino) tráeme recordos da miña terra e dunha etapa determinada" (J. Luis Antoniacomi)

"O bandoneón recórdame a música que escoitaba o meu avó" (J. Luis Antoniacomi)



## MÚSICA E EMOCIÓN

A pesares dos cambios que conleva para unha persoa a estancia no cárcere, os gustos musicais permanecen e, ás veces, incluso se amplían ao ter que compartir espazos e tempo con novas persoas que escoitan, practican e gustan de diferentes músicas.

A exposición recolle unha escolma da música máis representativa para cada un/unha das persoas que constituiron o grupo de traballo nos obradoiros do programa.

"A música en prisión ten sido o meu refuxio a miña terapia" (Silvio Águila)

"A música hai que compartila. A música axudoume a 'estar libre' dentro do cárcere" (Joaquín Badillo)

"Sempre me chocou en prisión o gusto polo flamenco. Os gustos por diferentes estilos varían segundo a persoa, a súa idade e o seu círculo persoal de amizades" (Rainiero Campos)

"Cando tiña que preparar un coche para rallys escoitaba 'dance', servíame de inspiración" (Juan José Bertolo Ferreiro)

"Sen música non se pode vivir" (ARR)



## A MULLER E A MÚSICA

Ainda que sabemos de 5000 mulleres compositoras catalogadas desde a Idade Media até os nosos días, a visibilidade feminina na música dista moito de acadar as cotas que merece.

Na exposición aparecen os nomes máis destacados das mulleres que moitas veces a pesares das prohibicións expresas desenvolveron unha actividade musical da que temos constancia dende o S. XVII até os nosos días: HILDEGARDA DE BINGEN, FRANCESCA CACCINI, NANNERL, MARIA TERESA VON PARADIS, CLARA WIECK, ALMA MAHLER, FANI MENDELSON, JEANINE BAGANIER, BLANCA SELVA, SOFÍA GUBAIDULINA...

## MÚSICA E REIVINDICACIÓN

A música forma parte das nosas vidas desde que nacemos e ten un evidente poder rehabilitador en tódalas esferas da saúde. Moitos programas empregan a música como integración e como terapia para desenvolver as distintas capacidades do ser humano. O grupo de traballo quere reivindicar a través desta exposición unha meirande vinculación entre as escolas de música da cidade de Ourense e o Centro Penitenciario, de xeito que a música se poida converter nunha ensinanza máis dentro do propio centro.

